

Bo día detectives, científicos e exploradores. Botámosvos moito de menos. Esperamos que esteades todos ben.

Para facervos máis levadeira esta cuarentena, esta semana elaboramos un planning organizado por días, (son xa tarefas moi concretas pensando naquelas familias que tedes máis dun neno/a, un só ordenador,...).

SÓ PRETENDEMOS FACERVOS MÁIS LEVADEIRA ESTA SITUACIÓN, SON TOTALMENTE VOLUNTARIAS).

Esperamos que vos resulten sinxelas e boas de facer, é o noso propósito xa que as nenas e os nenos saben e están acostumbrados a este tipo de actividades.

Propoñémosvos establecer como primeira rutina poñerlles unha canción como comezo das tarefas, (esta canción indicará que comeza a escola na casa, *rutina diaria*).

As que empregamos no cole para dar os bos días:

https://www.youtube.com/watch?v=7_GzNUIzfBE

<https://www.youtube.com/watch?v=xkSob4DrQm0>

O plan que vos propoñemos esta semana, é o seguinte.

LUNS 23

Hoxe vamos traballar co conto

CHIVOS, CHIVÓNS

Lemos ou visionamos o conto

<https://www.youtube.com/watch?v=aHuZ-mP2K4U>

1. Preguntiñas de comprensión

- Cómo se titula o conto?
- Cántos Chivos, Chivóns hai?
- Dónde vivía o trasno?
- Cómo era o chivo chivón pequeno?
- Cómo facía o chivo chivón mediano?
- Cámbialle o título o conto. Inventa un .

2. Xogamos ó conto; dramatización

- Facemos dos tres chivos Chivóns; (Chivo Chivón pequeno, grande,...),
- Facemos de trasno, simulamos os pasos dos Chivos-chivóns....

3. Disfrazámonos de trasnos co que teñamos na casa.

4. Clasifica as túas pinturas ou obxectos que teñas en grandes- medianos e pequenos.

5. **CÓMO FAI O Chivo Chivón grande.** Tenta escribilo.(Non correximos).

MARTES 24

XOGAMOS A PENSAR EN FAMILIA, (filosofía para nenas/os).


Xogar con arte, (cadro baseado nun conto ruso).



- 1.A dónde pensades que vai esta parella? ,
- 2. Quen os estará esperando?

- **APUNTADE** as respostas.
- Seguiremos xogando para a vindeira semana.
-
- 3. CREACIÓN A PARTIR DUNHA FORMA

FAI UN DEBUXO A PARTIR DESTE TRIÁNGULO. En que se convertirá?



3. Clasifica macarróns vexetais pola súa cor, despois, fai series.(PODEDES FACELO CON OUTRAS COUSAS, (LENTELLAS, FABAS , GARBANZOS,...)

MÉRCORES 23

ENCARGADA/O

Noraboa, o que estabas esperando, tocouche ser encargada/o todo o día.

- 1, Primeiro pon a data, rodea o día de hoxe e tacha o de onte, mira o de mañá. Hoxe é ___ onte foi, mañá será ___, (esto podedes facelo todos os días).

MARZO

L	M	M	J	V	S	D
						1
2	3	4	5	6	7	8
9	10	11	12	13	14	15
16	17	18	19	20	21	22
23	24	25	26	27	28	29
30	31					

- 2. Non podemos pasar lista nin mirar quen falta pero si tes que clasificar o nome dos teus compañeiros/as por equipos. Lembra; equipo laranxa, verde, amarelo, vermello e azul. Fai unha tarxeta con cada nome e despois clasifica por equipos, podes empregar un tarriño de cada cor, un folio da mesma cor,....

DETECTIVES

MARTINA HÉCTOR NOA G

LEO LARA CLARA BETY

MARÍA LEA NOAH V

NATALIA SARA HUGO

MARTA AITANA XIÁN

LUCAS NICO NACHO

SOFÍA DANIELA MARTÍN

CIENTÍFICOS

ALLEGRA HUGO SOFÍA

ÁLVARO ZULEICA VEGA

LAURA PABLO LUCA

MARTIÑO ZOE NOEL

ALMA BRIAN

KILIAN NEREA ARANTXA

CLAUDIA

CARLA LUIS XOEL

EXPLORADORES

DIEGO VALERIA NEREA NADIA

AMELIA DARIO MARTÍN G

DAMIÁN LOLA SARA NOA

JOAQUÍN MÍA THIAGO

AINARA MARTÍN R CATUXA

LEO TRIANA NAHIM

COVADONGA

XOVES 24

CORONAVIRUS PARA NENAS/OS; CONTO

CONTO

https://www.youtube.com/watch?v=Z9w6B_PpYjo

Neste enlace atoparás un conto sobre o Coronavirus e neste outro un experimento para facer na casa para que vexas a importancia de lavar as mans.

VÍDEO-EXPERIMENTO

<https://www.youtube.com/watch?v=Y93o5z1vhEw>

No seguinte enlacee, entretente recortando, (HOXE SÓ AS DÚAS PRIMEIRAS, xa continuaremos).

<https://www.orientacionandujar.es/wp-content/uploads/2018/03/Actividades-infantil-Conjunto-de-fichas-Pra%CC%81ctica-con-tijeras-.pdf>

(Copia os enlaces e pégaos no buscador se non podes entrar directamente),

VENRES 25

QUE TAL UN POUCO DE LINGUAXES E PUZZLES?

ADIVIÑA

Como o algodón
Floto no aire
A veces traio a chuvia
Outras só humidade,
Quen son?

FAI UN DEBUXO DA RESPOSTA E ESCRÍBEA,
(CÓMO SALGA, NON CORREXIMOS).

TRABALINGUAS

A VER SE ES QUEN DE REPETIR

COLLÍN CORDÓNS

CORDÓNS COLLÍN

POLA RÚA CORRO

CORDÓNS COLLO.

ENLACE A PUZZLES

<https://www.orientacionandujar.es/wp-content/uploads/2014/08/puzzle-de-numeros-1-10-para-los-mas-peques1.pdf>

PODES FACER OS 3 PRIMEIROS.

ESPERAMOS QUE VOS SIRVA DE AXUDA ESTA ORGANIZACIÓN, QUE VOS SEXA ÚTIL E LEVADEIRA E AGORA PAPÁS E MAMÁS, AVÓS,... AXUDÁDENOS Ó MÁIS IMPORTANTE PARA PODER ORGANIZAR O QUE MÁIS NOS VAI CUSTAR; OS HÁBITOS E AS RUTINAS QUE SON TAN IMPORTANTES PARA NÓS E NON É SINXELO NESTA SITUACIÓN DE AILLAMENTO.

Propoñémosvos un exemplo de secuencia diaria (cada familia pode personalizar a súa),vaivos a permitir establecer horarios e hábitos imprescindibles para disfrutar dunha convivencia familiar o máis amena posible. Son actividades da vida cotiá que axudan a fomentar a autonomía e as habilidades básicas nos cativos e cativas.

Invitámosvos a que elaboredes con eles un calendario ou panel de rutinas con debuxos ou imaxes referidas aos seguintes puntos :

1.- LEVANTÁMONOS, realizamos rutinas de aseo (lavar e secar a cara, peitearse...) vestimenta (sacar o pixama, vestirse, abotoarse, subir e baixar cremalleiras, calzarse....)



2.- **ALMORZAMOS**, recordade a importancia de que sea saudable.

3.- **TAREFAS DO COLE** (a proposta que enviaron as profes por días).

4.- **MERENDA**, podemos aproveitar o calendario de merendas semanais do cole.

5.- **XOGO LIBRE**.

6.- **AXUDAMOS NAS TAREFAS DA CASA**, podemos facelos responsables dunha pequena tarefa concreta cada día . Aquí tedes algúns exemplos:

- * colaborar na elaboración de pequenas receitas
- * poñer a mesa, aproveitade para preguntarlle cantos vasos, pratos, servilletas ou cubertos....precisa. Se sobran, se faltan....
- * recoller a mesa, limpar e ordenar o espazo
- * clasificar cubertos, secalos e clasificar culleres con culleres, garfos con garfos...
- * varrer
- * limpar o po en lugares accesibles a eles
- * levar a roupa sucia ó cesto
- * ordenar calcetíns e dobrar a súa roupa
- * coidar mascotas no caso de telas (aseo, alimentación...)

* regar e coidar as plantas da casa

7.- XANTAR.

8.- MOMENTO DE RELAXACIÓN, descanso, lectura...

9.- MANUALIDADES, experimentos, actividades plásticas....

10.- MOVEMOS O CORPO: bailar, xogos psicomotrices , ioga para nenos (recomendacións do profe Andrés).

11.- MERENDA.

12.- XOGO LIBRE.

13.- RECOLLER XOGUETES (podemos acompañar o momento coas cancións aprendidas no cole).

14.- HORA DO BAÑO.

15.- CEA.

16.- LECTURA DO CONTO.

17.- DESCANSO E SONO.

